

ACTA DA MESA COORDINADORA DAS ELECCIÓNS A XUNTA DE PDI

Con data 09/05/2019 reúnese na Sala de Xuntas do Edificio Exeria do Campus Lagoas-Marcosende a Mesa Coordinadora das Eleccións a Xunta de PDI en presenza do seu Presidente, don José Luis Fernández Méndez, e dos seus vogais, don Antonio Vaamonde Liste e don David Patiño Vilas, actuando este último como Secretario. Estando presentes a representación dos sindicatos CIG, CCOO e FETE-UGT.

A Mesa Coordinadora acorda:

1. Vistos os escrutinios, facer a atribución das candidaturas e a proclamación provisoria de candidatos que se xunta como anexo I.

Decisións da mesa coordinadora fronte a diversas incidencias:

1. Ante as múltiples ausencias de membros nas mesas electorais, transmíteselle os integrantes que no caso de non ser suficientes para a constitución incorporen as mesas os primeiros votantes que acudan a exercer o seu dereito. No caso de existir suplentes dispoñibles, solicitarase a súa incorporación nos postos que faltan.
2. No caso de votantes que cambiaron de censo por toma de posesión posterior ó censo definitivo (laborais que pasaron a funcionarios) decídese respectar o censo definitivo. Transmíteselle as mesas de votación que respecten ditos censos. A mesa coordinadora non ten capacidade a estas alturas para verificar a validez de dito cambio e considera que non procede modificar os censos definitivos.
3. No caso duns votos por correo recepcionados e selados polo rexistro (e polo tanto identificados), decídese que sexan incorporados igual a urna solicitando as mesas que o fagan do xeito mais secreto posible para tratar de protexer a identidade do votante.
4. Ante unha consulta que solicita a emisión de voto por un autorizado, denégase a posibilidade por non estar contemplada na normativa. En caso de imposibilidade existiría o voto por correo como alternativa.
5. Só teñen dereito a exercer funcións de interventores aqueles que se atopen identificados como tal. O presidente da mesa pode solicitarlle a acreditación en caso de consideralo necesario.
6. La mesa 11 (itinerante) recibiu un voto que correspondía a outra mesa (16). Ante a imposibilidade de trasladalo a tempo á mesa correspondente valorouse a opción de que o incorporará a mesa itinerante unha vez verificado que non votou na que lle correspondía. Finalmente tívose que denegar ese voto ante a imposibilidade da mesa 16 de incorporalo por non dispoñer de censo universal no que verificar a identidade.

Universidade de Vigo

Todo o cal queda reflectido na presente Acta que, unha vez lida e coa conformidade dos membros da Mesa, asinan tódolos presentes e eu, como Secretaria, CERTIFICO.

Vigo, 9 de maio de 2019

O Presidente

José Luis Fernández Méndez

O Secretario

David Patiño Vilas

O Vogal

Antonio Vaamonde
Liste

Pedro AR UOT
769988127

Venisino Alonso
37313432
ECCO

Suso Rivas
33245347 C
E16